

ANEXO III

Referencia convocatoria:2026/CP/216

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: 101251663		
Título: Implementing probation and alternatives to detention in the EU (IPAS-EU)		
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Dereito/Criminoloxía		
PERÍODO AXUDA:	INICIO: 15/01/2026	FIN: 14/01/2028
CENTRO Inv. Principal: Facultade de Dereito		
OBJECTO DO CONTRATO: Colaboración nas tarefas de administración e xestión do proxecto que se indica		
Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.		
LUGAR E HORARIO: Facultade de Dereito, luns a venres, 10:00h a 14:00h		
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: I		
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI)		
Investigador/a contratado/a doutor/a ☐		Axudante de apoio á investigación ☐
Xestor/a de investigación ☐ MECES Elegir		Técnico/a administrativo/a e de xestión ☒
Colaborador/a de investigación ☐ MECES Elegir		Axudante administrativo/a ☐
Técnico/a de apoio á investigación ☐ MECES Elegir		
XORNADA	Tempo Completo: ☐	Tempo Parcial: ☒ DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/11/2026
TIPO DE CONTRATO:	Indefinido ☒	Duración determinada ☐
DATA FIN CONTRATO		
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 1160,01*		
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599260026		

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Enxeñaría/Licenciatura/Arquitectura/Grao
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): Prof. Xulio X. Ferreiro Baamonde (presidente), Prof ^a Patricia Faraldo Cabana, Prof. José Ángel Brandariz; Prof ^a Luz M. Puente Aba (suplente) Prof. José Antonio Ramos (suplente), Prof ^a Ana M. Neira Pena (suplente)
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.



4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXP), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXP (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña, 23 de xullo de 2026

O INVESTIGADOR PRINCIPAL

**FERREIRO
BAAMONDE XULIO
XOSE - 32819926F**

Firmado digitalmente por
FERREIRO BAAMONDE XULIO XOSE
- 32819926F
Fecha: 2026.07.23 10:47:23 +02'00'

Asdo.: Xulio Ferreiro Baamonde.



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O grupo de investigación ECRIM da Universidade da Coruña (ecrim.es) participa como socio no proxecto europeo IPAS-EU (*Implementing Probation and Alternatives to Detention in the EU*; referencia: 101251663), financiado no marco da convocatoria JUST-2025-JCOO do Programa de Xustiza da Unión Europea. O proxecto, coordinado xunto coa Universidade de Turín, a Université Libre de Bruxelles e a Université Catholique de Lyon, ten unha duración de 24 meses, desde o 15 de xaneiro de 2026 ata o 14 de xaneiro de 2028, cun importe total de 300.982,28 €, dos que 58.674,46 € corresponden á UDC como entidade socia.

A participación neste proxecto europeo, no marco dunha convocatoria altamente competitiva, sitúa novamente ao equipo como un dos grupos de referencia da UDC en investigación xurídica e criminolóxica, e confirma a súa proxección internacional na liña do xa acreditado en anteriores proxectos e axudas competitivas.

Porén, a execución e xestión dun proxecto financiado pola Unión Europea comporta esixencias administrativas e económicas específicas. Isto require unha atención especial, entre outras cuestións, á xestión orzamentaria e económica do proxecto, á tramitación de contratos e adquisicións necesarias para o seu desenvolvemento, e ao apoio para a elaboración dos informes financeiros esixidos pola axencia financiadora, así como o apoio administrativo ás tarefas de execución.

En síntese, o desenvolvemento do proxecto IPAS-EU esixe reforzar as tarefas de xestión económica e administrativa do grupo de investigación ECRIM. Nesta liña, a/o técnica/o de xestión económica contratada/o realizará tarefas de apoio na xestión orzamentaria e económica do proxecto, tarefas de apoio na tramitación de contratos ou IRS, tarefas de apoio para a elaboración dos informes financeiros e soporte loxístico e administrativo na execución das diferentes actividades de investigación.

Duración

A duración do contrato será de 6 meses, desde o 01/11/2026 ata o 30/04/2026.

Candidaturas

As persoas aspirantes deberán describir todos os méritos mencionados nesta convocatoria. As solicitudes deberán estruturarse seguindo o esquema de avaliación e os conceptos que se presentan na seguinte táboa. Deberán especificarse todos os méritos, referidos ás tarefas desempeñadas en postos anteriores e á duración de tales responsabilidades previas. A presentación dos méritos sen seguir o esquema de avaliación e os conceptos que se presentan a continuación é motivo de exclusión da convocatoria.

No caso de que varias/os aspirantes, de acordo cos criterios de valoración que se indican a continuación, sumen máis do 50% dos puntos posibles, establecerase unha lista de agarda para cubrir as renuncias que poidan producirse durante o desenvolvemento do contrato.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA





CONCEPTO	SUBCONCEPTO	PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Formación e experiencia en tarefas de xestión administrativa	Formación regrada en xestión administrativa	1,5 puntos por cada 100h. de formación regrada	15 puntos
	Experiencia en tarefas de xestión administrativa	0,2 puntos por cada mes	
Experiencia en tarefas de xestión universitaria (investigación + transferencia)	Experiencia en tarefas de xestión no eido universitario	0,4 puntos por mes	30 puntos
	Experiencia en tarefas de xestión de proxectos de investigación estatais ou autonómicos	0,6 puntos por mes	
	Experiencia en tarefas de xestión de proxectos de investigación europeos ou internacionais	0,8 puntos por mes	
	Experiencia na organización de actividades de difusión en eidos académicos	0,5 puntos por actividade	
	Experiencia en tarefas de apoio á investigación	0,4 puntos por mes	
Formación e experiencia en tarefas de comunicación	Experiencia como community manager (xestión de redes sociais)	0,5 puntos por mes	15 puntos
	Experiencia en deseño e elaboración de páxinas web	0,3 puntos por mes	
	Formación específica en xestión de redes sociais e deseño e xestión de páxinas web	1 punto por cada 100h. de formación regrada	
Competencias lingüísticas	Acreditación de nivel B2 (mínimo) de inglés.		15 puntos
Entrevista	Levarase a cabo unha entrevista cos/as tres solicitantes con maior puntuación.		25 puntos
TOTAL			100 puntos